III XORNADA DE INNOVACIÓN EDUCATIVA NA UNIVERSIDADE

Fac. de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Universidade de Vigo

12 de decembro 2008

# O DEREITO PENAL A TRAVÉS DO CINE

# A PROXECCIÓN CINEMATOGRÁFICA COMO SOPORTE PEDAGÓXICO NO ENSINO DO DEREITO PENAL

**Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez ©**

Área de Derecho Penal, Universidad de Vigo
e-mail: virxilio@uvigo.es

# ÍNDICE

1. Introducción
2. O ensino do Dereito a través do Cine: aproximación ás experiencias noutras Universidades. A bibliografía actual sobre "Dereito e Cine"
3. A experiencia previa na Área de Dereito Penal da Universidade de Vigo: as catro edicións do "Curso de Cine e Dereito Penal"
4. O Emprego do cine como medio didáctico no ensino do Dereito Penal na Universidade de Vigo
5. Breve comentario dos resultados obtidos
6. Conclusións

## 1. Introducción

- O cine ten sido utilizado como ferramenta de divulgación fóra do marco estrictamente educativo, a través, por exemplo, dos cine foros, e como ferramenta pedagóxica en todos os niveis de ensino, especialmente no ensino secundario. Nembargantes, o seu uso no marco universitario non está extendido. Fóra do ámbito das humanidades onde o cine, máis que medio é obxecto de estudo, ou mesmo das ciencias da comunicación, son escasas as experiencias de educación universitaria por medio deste instrumento.

- Neste traballo téntase dar a coñecer á comunidade universitaria o proceso de aplicación do cine ao ensino do Dereito, máis concretamente, do Dereito Penal, e os resultados obtidos desa experiencia.

## 2. O ensino do Dereito a través do Cine: aproximación ás experiencias noutras universidades. A bibliografía actual sobre "Dereito e Cine"

- A experiencia na Fac. de Derecho, Universidad de León:
  - No marco dun curso de doutoramento: "Nuevas tendencias jurídicas"
  - Ofértase como unha materia no devandito curso
  - Metodoloxía: Cineforum, método clásico (proxección + debate)
  - Componse dun total de 9 sesións

- A bibliografía actual sobre "Dereito e Cine":
  - A editorial xurídica Tirant lo Blanch ten unha colección de "Cine y Derecho"
  - Actualmente esa colección dispón dun total de 32 monografías
  - Os autores son xuristas, na súa meirande parte profesores universitarios, de recoñecido prestixio
  - http://www.tirant.com/libreria/index2?patron=0115&level=2&beg=0&step=10

# 3. A experiencia previa na Área de Dereito Penal da Universidade de Vigo: as catro edicións do "Curso de Ciene e Dereito Penal"

- **A historia:**
  - Denominación: "Curso de Cine e Dereito Penal"
  - Natureza do curso: Curso de extensión universitaria
  - Cronoloxía: 2003, 2004, 2005, 2006
  - Dirección: Prof. Dr. Javier De Vicente Remesal (Catedrático de Dereito Penal)
  - Coordinación: Prof.ª Dra. Inma Valeije Álvarez, Prof.ª Dra. Marta García Mosquera, Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez (Profesores de Dereito Penal)

- **Temática:**
  - A partir da proxección e posterior análise das películas abórdanse determinados aspectos da dogmática penal, de delitos específicos e de cuestións criminolóxicas

- **Obxectivos:**

  - 1º **Captar** a atención dos estudantes e focalizala sobre o contido xurídico das películas, proporcionando os principios fundamentais para a análise crítica do cine clásico e actual.
  - 2º **Explicar** aspectos relevantes do Dereito penal de forma diferente a como se realiza habitualmente na aula, utilizando o cine como medio de expresión cercano aos estudantes.
  - 3º **Crear** preguntas e buscar respostas sobre cuestións xurídico-penis de actualidade: Delitos contra a humanidade, tráfico de drogas, a función do Dereito Penal, criminalidade organizada, Dereito Penal do menor…
  - 4º **Axudar** a profesor da Licenciatura de Dereito a atopar nas películas referentes comúns á hora de abordar determinados temas, de xeito que se o desexa, poida utilizar este recurso nas súas exposicións didácticas.
  - 5º **Establecer** as bases de interacción entre o Dereito Penal e o cine, esto é entre el estudoso do Dereito, o crítico de cine e o espectador en xeral. Aproximarse ao Dereito Penal dende e a través da análise cinematográfico.

- **Metodoloxía:**
  - O cine é  a canle de comunicación utilizada polos docentes para explicar os temas de Derecho penal máis importantes na actualidad. Preténdese tamén a participación activa dos estudantes. Neste senso, a película concíbese como síntese de estímulos para acadar o diálogo e o debate dos temas plantezados.
  - Método de traballo proposto → cine-forum, con diferentes fases: Presentación, proxección e coloquio aberto, se ben, introducindo antes do coloquio unha ponencia a cargo dun profesor de Dereito de recoñecido prestixio.
  - A metodoloxía concreta seguida en cada sesión:
    - En primeiro lugar o moderador da sesión ocuparáse de realizar unha breve presentación do tema, dos poñentes que integran a mesa (moderador, poñente e contrapoñeente) e da película. En relación con esta última la presentación consistirá en:
      - Lectura da ficha técnica da película
      - Exposición dos puntos ou temas xurídicos que o espectador deberá ter en conta ao longo da proxección para a súa posterior análise.
      - Referencia a algunha das secuencias máis relevantes.
    - En segundo lugar procederase á proxección, sen interrupcións, da película.
    - En terceiro lugar o moderador dará paso ao poñente principal.
    - En cuarto lugar o moderador abrirá o debate.

- **Contidos**
  - Ano 2003
    - ✓ A función do Dereito Penal: unha visión de futuro → Minority Report
    - ✓ O delicto de xenocidio e o Tribunal Penal Internacional → ¿Vencedores ou Vencidos?
    - ✓ O delicto de tráfico de drogas → Traffic
    - ✓ Análise da estructura do delito → Anatomía dun asasinato
  - Ano 2004
    - ✓ As consecuencias xurídicas do delicto: a pena de morte → pena de morte
    - ✓ Delictos contra a intimidade → Tres cores: vermella
    - ✓ O aborto no Código Penal de 1995 → As normas da casa da sidra
    - ✓ Os malos tratos: o criminal na casa → Douche os meus ollos
  - Ano 2005
    - ✓ Biotecnoloxía e xénero. Os delictos de manipulación xenética → Gattaca
    - ✓ Delictos de prostitución: prohibición ou legalización → En la puta vida
    - ✓ A discriminación da muller inmigrante → Poniente
    - ✓ Violencia no ámbito familiar → Solas
  - Ano 2006
    - ✓ A delincuencia xuvenil → Cidade de Deus
    - ✓ Tráfico ilegal de persoas e inmigración clandestina → Neste mundo
    - ✓ Tráfico de órganos → A illa
    - ✓ A espionaxe industrial → Piratas de Silicon Valley

- **Destinatarios:**
  - 1º Alumnos da Licenciatura de Dereito.
  - 2º Alumnos de outras Licenciaturas e Diplomaturas
  - 3º Profesores da Licenciatura de Dereito, Diplomatura de Relacións Laborais.
  - 4ª Profesores de outras Licenciaturas e Diplomaturas.
  - 4º Demáis membros da Comunidade Universitaria.

- **Avaliación:**
  - Asistencia: polo "Curso de Cine e Dereito Penal", nas súas catro edicións, contabilizáronse 600 matrículas, na súa meirande parte alumnos da Universidade de Vigo
  - As enquisas de avaliación puxeron de manifesto unha moi boa acollida do curso e un alto grao de satisfacción entre os asistentes

# 4. O emprego do cine como medio didáctico no ensino de Dereito Penal na Universidade de Vigo

- **Levar á aula de licenciatura o cine como instrumento de apoio á docencia do Dereito Penal, esixe un traballo relativamente complexo, que se desenvolve nas seguintes fases**

- **A planificación da actividade:**
  - 1.º Selección dun tema xurídico, relacionado cunha lección do programa dunha materia de Dereito Penal.
  - 2.º Selección do filme acaído coa temática previamente indicada.
  - 3.º Selección da secuencia concreta do devandito filme.
  - 4.º Elaboración dunha guía de traballo para o alumno –cuestionario-.
  - 5.º Preparación da análise xurídica por parte do profesor dos feitos narrados cinematográficamente.
  - 6.º Selección da xornada de traballo: día, hora e tempo da proxección.

- **Posta en práctica da actividade:**
  - 1.º Presentación da actividade por parte do profesor aos alumnos.
  - 2.º Entrega da guía de traballo aos alumnos –cuestionario-.
  - 3.º Proxección da secuencia do filme seleccionado.
  - 4.º Tempo para que os alumnos cavilen e contesten o cuestionario.
  - 5.º Solución do cuestionario en conxunto e explicación do profesor.
  - 6.º Conclusións.

- **Medios técnicos e bibliografía requerida:**
  - 1.º Aula que dispoña dos medios audiovisuais precisos para a proxección cinematográfica: lector DVD, equipo de son, pantalla.
  - 2.º A película en formato DVD.
  - 3.º Cuestionarios impresos para cada alumno.
  - 4.º Cada alumno debe dispor dun Código Penal actualizado.
  - 5.º O alumno pode ter ao seu dispor outra bibliografía: manuais de referencia da asignatura, monografías sobre o tema que é obxecto de análise, apuntes tomados na aula, etc.

## 5. Breve comentario dos resultados obtidos

- A resposta dos alumnos a esta metodoloxía de ensino é positiva. Son receptivos á mesma. Manteñen a atención durante a proxección, traballan ás respostas ao cuestionario e participan na resolución do mesmo argumentando as solucións

- Pódese afirmar, vendo a resposta a esta actividade, un alto grao de implicación do alumno.

## 6. Conclusións

- Esta é unha metodoloxía que empregada esporádicamente, como apoio á docencia teórica, ofrece bos rendementos